



MEIGAS NO 1940



Conta meu tío que foi sobre o ano 1940 cando unha noite Ángel Raposo, coñecido por Casanova, ía para a cama e acordóuselle achegarse á ventá, onde de súpeto viu aparecer unhas luces no alto do monte, na castronela. El berroulles porque pensou que era xente e así espantala, pero non lle deu moita importancia e deu a volta; pero cando se ía meter na cama viu que alguén lle petaba na ventá, mirou e viu que eran as luces que acababa de ver

no alto do monte. El non se decatou do que estaba a pasar ata que, á mañá seguinte, a súa muller despertou e non o viu na cama; púxose a mirar del por todas partes, pero non aparecía. Cando ía para a cociña viu estar deitado un gran vulto no pesebre da besta, asustouse e empezou a berrar, pero oíu unha voz que lle dixo: "Anuncia, non te asustes que son eu, o teu home; entón ela preguntoulle que facía alí, que lle ocorrera, pero Casanova non se acor-

daba de nada, só de ver as meigas abatidas á ventá.

Por aquel entón, tamén conta o meu avó que nunha aldea, Prados, dicían que Manuela era Meiga, pero ninguén cría niso.

Un día Manuela mais a súa veciña María enfadáronse e resulta que ao día seguinte unha vaca de María estaba moi mala, pero ninguén lle deu importancia ata que se deron conta de que cada vez que a Manuela vía a vaca, esta poñíase mala; entón ao home de María, Xosé, ocorrúeselle ir onda un señor que botaba as cartas e este díxolle: iso pásache porque a túa veciña é meiga, vouche dar un remedio, pero telo que facer como eu che diga. A próxima noite que a vaca se che poña mala, colle o pao e empeza a petar nela, canto máis petes mellor, e non teñas medo, que a vaca ha de sanar.

Xosé foise para a casa e esperou a que Manuela volvесе ver a vaca, e efectivamente, a vaca púxose mala, colleu un pao e empezou a petar nela, deulle unha boa malleira e cando xa se cansou marchou para a cama. Á mañá seguinte levantouse e Xosé foi á corte e viu que a vaca xa sanara. Cando ía para a cociña oíu tocar a campá e era porque Manuela morrera. Isto ocorreu porque os paos que lle deu á vaca foi como se llos dera a Manuela. E así foi como todos souberon que a Manuela era meiga.

Uns cren e outros non, pero dicir din que: "Habelas hainas"

MAITE CORRAL PENAS, S4C